

## PEZA DO MES

marzo

2022

---



**CERÁMICA BRACARENSE**  
**CAMPAMENTO AQUAE QUERQUENNAE**



VISTA AÉREA DO CAMPAMENTO *AQUAE QUERQUENNAE*

### **Cerámica Bracarense. Campamento *Aquae Querquennae***

O xacemento arqueolóxico de *Aquae Querquennae* atópase situado entre as poboacións de Portoquintela e O Baño no concello de Bande. Sitúase na ribeira dereita do río Limia, na entorna duns mananciais de augas termais que foron aproveitadas ao longo do tempo polas súas condicións minero-medicinais. A orixe do asentamento militar fíxase a comezos da dinastía dos emperadores flavios (69-79 d. C.) coa chegada dun continxente de tropas (*Cohors III*) dependente da *Legio VII Gemina* encargado da construción e vixilancia da vía XVIII do Itinerario de Antonino que unía as localidades de Braga (*Bracara Augusta*) e Astorga (*Asturica Augusta*). Nas inmediacións do campamento estableceuse unha mansión viaria (*mansio*), establecemento para o descanso dos viaxeiros. Todo isto supuxo un desenvolvemento urbanístico nese territorio e propiciou a aparición dunha aglomeración civil (*vicus militaris*). Estes núcleos emerxentes contribuirán decisivamente á difusión da cultura romana na súa área de influencia

e continuarán activos tras a partida do continxente militar, ata o século V d. C.

As tropas acantoadas en *Aquae Querquennae* abandonaron as súas instalacións de modo pacífico na época de Adriano, arredor do ano 120 d. C., recollendo e levando todas as súas pertenzas. A pesar disto, ao longo das diferentes campañas de escavacións das últimas décadas tense recuperado unha cantidade de material significativa: diversos tipos de cerámica (común, *terra sigillata*, bracarense, cincenta), fíbulas, moedas (ases, denarios, dupondios), vidros, lucernas, doas de colar, tableiros e fichas de xogo, amuletos, instrumental médico-cirúrxico, materiais de construción (tellas, cravos, grampas) e, por suposto, restos do armamento e equipamento militar dos soldados (fragmentos de espadas, puntas de lanza, dardos para lanzar con catapultas, sandalias, arreos dos cabalos), etc. Estes achados axudan a avanzar no coñecemento da vida cotiá dos soldados.

Durante a campaña de escavación de 2009, dirixida polo arqueólogo Santiago Ferrer Sierra, escaváronse tres cadros de 10 x 20 m (numerados cos díxitos nº

77, nº 78 e nº 79) no recinto militar e outro na zona da mansión viaria. No cadro 79 apareceron restos de estruturas que pola planta que presentan parecen corresponderse con dependencias dun barracón de tropa. Alí atopouse, moi fragmentada, a peza que nos ocupa, un prato de cerámica bracarense. Nesta campaña recuperáronse, entre outros moitos materiais, ata un total de 27 pezas (incompletas) de cerámica bracarense. Trátase de xerras de bico trilobulado, vasillas pintadas con motivos de palmas e tamén pratos, fontes ou cuncos correspondentes á imitacións de pezas de *sigillata*: forma 1 da Drag. 29, forma 2 da Drag. 35/36 e forma 3 de Hispánica 4. A maioría presentan decoración «á rodiña».

A peza que hoxe presentamos, un prato de cerámica bracarense, rexistrouse no museo co número DX1209/26. A restauradora Iria Veloso foi a encargada da súa limpeza e reintegración, como nos explica no documento anexo. A pesar de aparecer moi fragmentado e incompleto, a súa restauración permítenos coñecer as súas medidas: altura 4,5 cm, grosor máximo 1,3 cm e diámetro 28 cm.

Este prato cóncavo amosa decoración incisa no bordo realizada coa técnica «á rodiña» e dúas asas planas en forma de lazo. A súa tipoloxía encádrase na forma 3 da cerámica bracarense engobada que imita a forma Hispánica 4 (Rodríguez Colmenero e Ferrer Sierra).

A cerámica bracarense é unha cerámica fina de carácter rexional que se caracteriza por unha pasta clara, de cor crema ou castaño suave, moi decantada e depurada, que se cobre, ás veces, no exterior, dun engobe alaranxado, aínda que pode aparecer sen el. Na actualidade resulta ben coñecida nos ambientes arqueolóxicos do norte de Portugal e sobre todo no *interland* da cidade de Braga, de aí o nome de bracarense. Esta produción está representada no campamento de *Aquae Querquennae* por cerámicas engobadas, imitacións de formas da *sigillata*, imitacións das formas de paredes finas, formas copiadas de repertorios de cerámica común ou ben orixinais como as pintadas.

A cerámica bracarense citouna por primeira vez Rigaud de Sousa en 1965 nun coloquio no Porto. Un ano despois, Adília Alarcão presenta á comunidade científica internacional a existencia desta cerámica, nun traballo publicado co título «*Bref aperçu sur la céramique romaine trouvée à Bracara Augusta*» no que estuda un grupo moi interesante de cerámicas que imitan as formas da terra *sigillata*. Nun traballo

posterior desta autora, realizado con Alina Martins (1976) danse a coñecer as súas características esenciais. Este traballo será un referente para autores como Lino Tavares Dias, estudoso das cerámicas romanas de Tongóbriga en 1995, ou Felizbela Leite, na súa tese de doutoramento «Contribuição para o estudo da cerâmica fina de Braga. A cerâmica “dita bracarense”» de 1997.

Tavares tratou de determinar a través de análises de laboratorio (petrográfico, mineralóxico e químico) o tipo de barros empregados e o seu centro ou centros de produción. A análise de fragmentos procedentes de Braga e de *Aquae Querquennae* revelou que procedían de barros con arxilas caoliníticas existentes ao longo da costa norte de Portugal e da zona de Ourense. Quedaría por aclarar cal deses lugares foi o responsable da produción desta cerámica, ou se había varios sitios produtores. Semella, iso si, estar ben definida no tempo, cunha duración limitada, encadrada na segunda metade do século I d. C.

Como sinala Rui Morais, en todos os estudos sobre esta cerámica é unánime a constatación de que a cidade romana de *Bracara Augusta* sería o principal centro produtor dada a gran concentración desta cerámica nesacidade. Pero tamén a atopamos noutras localidades do antigo *conventus bracaraugustano*, diminuíndo a medida que se camiña cara ao norte, sur ou ao interior deste territorio. Ademais da citada abundancia, no campamento esta cerámica está documentada en importantes núcleos urbanos, como Tongóbriga, Chaves, ou Xinzo e tamén en castros como Sanfins, Briteiros ou Castromao.

A presenza significativa deste tipo de vaixela de mesa en *Aquae Querquennae*, debe estar relacionada coa subministración á lexión situada neste campamento. Os soldados contaban cun enxoval «oficial» que correspondía a unha serie de recipientes para cociña e almacenaxe e outro «privado» destinado ao servizo de mesa e no que é habitual a presenza de grafitos co nome do seu propietario. Para isto, rascaban cun obxecto punzante o fondo ou a parede exterior do prato ou a cunca. Moitos aparecen fragmentados e incompletos, o que nos impide coñecer a epígrafe na súa totalidade.

A maioría dos nomes son de orixe latina, aínda que tamén os hai indíxenas ou de procedencia helénica. Os que máis se repiten son Flavius, Capito e Severus. Só un caso parece corresponder a un nome de muller, Ciliae, estraño por tratarse dun campamento militar.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

## CERÁMICA BRACARENSE

### CAMPAMENTO AQUAE QUERQUENNAE

#### Iria Veloso Pérez. Conservadora-restauradora de bens arqueolóxicos

Ao longo do ano 2021 fixéronse labores de conservación-restauración sobre diversos obxectos depositados no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, entre eles este prato de cerámica bracarense proveniente do Campamento Romano de Aquis Querquennis.

Antes de acometer os traballos de restauración activa, someteuse a peza a unha análise previa para poder afrontar da mellor maneira posible a súa intervención, na que sempre se manteñen os criterios fundamentais da conservación-restauración: mínima intervención, respecto polo orixinal, reversibilidade, emprego de materiais compatibles co orixinal, dar prioridade á conservación sobre a restauración e diferenciación dos engadidos.

O proceso de análise previa implicou para este obxecto, en concreto, unha revisión dos materiais procedentes da escavación para atopar fragmentos que formasen parte do conxunto e servisen para poder completar a súa forma orixinal. Este traballo supón baleirar varias bolsas con restos cerámicos previamente inventariados, siglados e clasificados polo equipo de arqueólogos que traballa anualmente en Aquis Querquennis. Neste labor sempre se inviste moito tempo e ás veces resulta infrutuoso, pero é un requisito para poder cumprir co criterio fundamental da mínima intervención; cantos máis fragmentos casen entre si e completen a forma da peza, menos intervención se realizará.

Unha vez rematada esta fase, pasouse a realizar unha avaliación do estado de conservación dos fragmentos cerámicos para poder proxectar unha intervención que se adaptase ao conxunto. Durante a revisión baixo binocular dos anacos, observouse que a nivel superficial había unhas pequenas eflorescencias de cor branca. Isto chamounos moito a atención, xa que normalmente os materiais deste xacemento teñen como alteración característica uns bordos de fractura moi rodados, todo debido a acción erosiva da auga do encoro onde se sitúa o xacemento actualmente e que presenta

subidas e baixadas de nivel. Non obstante, non tiñamos constancia da existencia de sales nas pezas ata este momento.

Ao mesmo tempo observamos que noutras pezas que se ían intervenir do mesmo xacemento, pero de diferentes campañas, presentaban en maior ou menor medida a mesma alteración: pequenas acumulacións superficiais de cor branca ou ocre con aspecto pulverulento e húmido.

Isto levounos a facer unha nova revisión do material da campaña de intervención arqueolóxica, limitando a nosa busca aos obxectos cerámicos do mesmo cadro e nivel que a peza sobre a que estabamos a traballar, abrindo o abano a outros niveis estratigráficos. Nesta procura atopamos varias pezas con alteracións moi similares ás que estabamos observando na cerámica bracarense e nas restantes cerámicas por tratar.

Ao observar que a alteración se repetía decidiuse facer unha pequena tarefa de investigación, para tentar determinar a natureza dos sales e en que grao podían estar afectando os obxectos depositados no xacemento. Esta circunstancia vai determinar o feito de que se realicen tratamentos concretos e críticos sobre a peza, como a desalga ou a consolidación.

É coñecida a existencia de fontes de augas termais nas inmediacións do campamento romano así que a idea de que puidesen estar interactuando no medio e polo tanto sobre as pezas depositadas no substrato resultounos interesante. Segundo a información que presenta o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME), as augas termais próximas ao campamento teñen unha composición química bicarbonatada sódica. Este dato serviunos para confirmar en parte as nosas sospeitas, xa que os sales poden aparecer por diversas razóns, pero se existe un punto concreto no xacemento ou nun lugar próximo a el, e que afecte dunha forma ou doutra o lugar, pode verse reflectido nas pezas unha vez que están fóra do ambiente de enterramento, e poden comezar a aflorar unha vez que perden a humidade e polo tanto os sales migraran cara ao exterior quedando depositados na superficie.

Para ter unha maior seguridade sobre o diagnóstico que estabamos a apuntar decidimos tomar unha mostra deste depósito e realizar unha análise á gota que determinaría de forma semicualitativa a natureza do sal. Para isto, engadíuselle á mostra unha

gota de ácido clorhídrico (HCl) e observouse a reacción baixo binocular. Como era esperado, ante o ácido a mostra reaccionou descompoñéndose a través dunha efervescencia. Isto confirmou a existencia de sales bicarbonatadas no ambiente e que cun proceso de perda de humidade migran cara ao exterior dos obxectos a través do sistema poroso e quedan depositados na superficie dos obxectos.



DETALLE DO DEPÓSITO DE BICARBONATOS

Con toda esta información puidemos elaborar unha estratexia de intervención na que descartamos a desalga e a consolidación. A eliminación dos bicarbonatos mediante baños de auga desionizada (desalga) non o consideramos, xa que estes elementos non son moi solubles en auga, o que non nos permitiría eliminarlos totalmente. Tamén esta circunstancia descarta a consolidación da peza, xa que ao non poder eliminar os sales podería ser contraproducente introducir un adhesivo no interior da peza. Non obstante, consideramos tamén non realizar este proceso dado que a peza estará nun ambiente con humidade e temperatura constante e controlada.

Tras esta fase pasouse a realizar o traballo activo sobre a peza, facendo unha limpeza individualizada de cada un dos anacos que conforman o conxunto, baixo binocular, empregando bisturí e hisopos de algodón impregnados en auga-alcohol para realizar a limpeza dos restos de terra e po existentes sobre a superficie da peza.

Unha vez rematada esta etapa planeouse a adhesión dos fragmentos, primeiro facendo unha montaxe previa e observando como casaban entre si e prestando atención aos lugares que estaban máis débiles e nos que se planearía a reintegración estrutural, moi necesaria xa que a peza está moi alterada pola ausencia de materia e iso confírelle unha gran fragilidade, que ao mesmo tempo complica a súa manipulación.

Unha vez adheridos todos os anacos, completamos esta fase e continuamos coa reintegración estrutural para darlle unha maior resistencia e mellorar a súa manipulación. Para este labor empregouse unha escaiola de dentista que se aplicou sobre unha lámina de cera que se modelou previamente coa forma do prato e se colocou no lugar que se ía encher co material de recheo. Tras o secado da escaiola, lixouse e pintouse cunha cor que se integrase coa da peza.

Durante todo o proceso de intervención da peza considerouse que sería interesante realizar un estudo no que se poidan identificar as diferentes alteracións das pezas e podelas relacionar coas áreas do xacemento onde aparecen, xa que ata esta intervención de 2021 non se tiña observado a alteración dos depósitos de bicarbonato sobre a superficie das cerámicas. A idea sería realizar un mapa das áreas escavadas e poder relacionalo coas alteracións que se atopan e serviría para poder identificar o modo en que actúa a auga e os diferentes axentes de alteración que se atopan na terra sobre os diferentes materiais, sobre todo sendo o campamento de Aquis Querquennis un lugar que se escava anualmente e do que se obteñen unha gran cantidade de materiais. Ter unha relación de alteracións con localizacións podería ser útil para os conservadores-restauradores que interveñan sobre pezas deste xacemento ou calquera para poder desenvolver estratexias de intervención.